



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



Acta da reunión telemática de Xunta Directiva da Federación Galega de Tenis celebrada o día 3 de decembro de 2021 ás 19 horas en segunda convocatoria e á que se conectan os seguintes membros:

Presidente: José Mosquera Casero
Vicepresidente: Gabriel Fernández Mourelle
Secretario: Ignacio López López
Vogais:
Javier de la Torre
María Berini Pita da Veiga
Susana Varela
Juan Medín Guyatt
Asistencia al Presidente:
Marco A Casal Costas – Dirección Deportiva
Asistencia a la secretaria
M^a Jesús Fernández García

Acta de sesión:

É aberta polo presidente, que dá a benvinda e agradece a súa conexión aos asistentes.

Dáse paso aos distintos puntos da orde do día:

1. Aprobación do acta da reunión anterior.

É aprobada por unanimidade.

2. Presentación do estado das contas ao 31/10/2021.

Toma a palabra o presidente, que fai un resumo dos estados financeiros ao 30 de outubro, recalcando o apartado de ingresos e gastos dos torneos internacionais femininos. Esta partida influirá no orzamento que se presentará para o próximo ano 2022, que se aprobará nesta reunión.

3. Tarifas para o ano 2022.

Revisanse as tarifas e fanse unha pequenas modificación nos importe de cadros e arbitaxes, se levarán á Asemblea Xeral para a súa aprobación.

Desta maneira cobrarase 1, 30 por xogador en cadro e 0.66€ en formato liga.

En relación ao arbitraje os importes serán:

Xuíz de Línea 25,00€/día

Xuíz de Cadeira por partido 25,00 €

Xuíz Árbitro 73,44 €/día

Xuíz Árbitro adjunto 60,00 €/día

Xuíz Itinerante: 60,00€/día; 40,00€/media xornada

Un Xuíz de Cadeira cobrará un mínimo de 50,00 €/día aínda sólo arbitrara un partido.

Os xuíces de cadeira que actúen como tal en Torneos Internacionais cobrarán a tarifa vixente no CEAT, así como os gastos aos que estas tarifas refírense (desprazamentos, dietas e outros gastos).

As tarifas faranse públicas na páxina web da Federación www.fgtenis.net, ademais de nas redes sociais, e lémbrese que as tarifas das licenzas son para ter en conta en setembro, xa na tempada 2022/2023.

Son aprobadas por unanimidade.

As afiliación de clubs son de 200€ e 100€ dependendo do tipo de club, e os que se dean de alta en municipios en risco de poboación poderán ser subvencionados ao 100%

A bola oficial para 2022 es la Head.

4. Aprobación do orzamento de ingresos e gastos do 2022.

O presidente eo director deportivo van explicando as partidas do orzamento, tanto de ingresos como de gastos e as variacións mais relevantes en referencia ao exercicio anterior. Isto implica que algunhas contas que se presentan agora véxanse modificadas e desta forma varía o orzamento de ingresos e gastos que se decide presentar o día 18 de decembro ante a asemblea.

O orzamento é aprobado por unanimidade

5. Autorización ao presidente para solicitar pólizas de crédito por un valor máximo do 10% do orzamento.

Apróbbase por unanimidade.

6. Aprobación do Calendario de Competición do 2022.

Toma a palabra Marco A Casal como director deportivo, e vai debullando o calendario por sectores e tipos de competicións: Equipos, Individuais, Circuito, de España e Internacionais. É un calendario amplísimo con moi poucas semana libres. É aprobado por unanimidade.

En relación as modificación en competición foron aprobadas as seguintes:

Competición por equipos Veteranos + 60.

A proposta aceptada foi modificar o sistema de xogo a 4 ind-2 parellas.

Renovar o sistema sancionador na competición por equipos referido a:

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF-G15102767



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



- Incomparecencias.
- Envío de actas.
- Equipos incompletos.

Nestes momentos enténdese que para a competición estamos nunha situación de case normalidade e pódese recuperar a aplicación íntegra do regulamento.

Proposta da competición por Equipos benxamíns:

- Solicitan a posibilidade que para a competición por equipos benxamíns onde se xoga 2-1, tentar ampliar a periodicidade dos encontros co obxectivo de xuntar varios equipos nunha mesma sede e horario para fomentar a relación entre os xogadores e equipos. A valoración do director técnico deste aspecto por unha banda é positiva, pero entraña as seguintes dificultades:

- Habrá equipos que teñan que desprazarse sempre.
- En caso de aprazamento, aprazaríanse moitos encontros, salvo que as sedes sexan as que teñan instalacións cubertas.
- Número moi amplo de pistas necesarias para xogar.

Como proposta intermedia aprobouse dar a opción a determinados grupos a probar este formato, se funciona pódese establecer para a próxima convocatoria.

7. Modificacións Regulamento de licenzas a petición de Secretaria Xeral para O Deporte para aprobación na Asemblea Xeral.

Seguindo instrucións da Secretaria Xeral para ou Deporte, Ignacio López e o presidente corruxiron os erros do regulamento de licenzas aprobado anteriormente en Xunta Directiva e Comisión Delegada. Vanse lendo as correccións e é aprobado por unanimidade. Este regulamento será lpresentado para a súa aprobación na reunión de Asambleas Xeral prevista para o próximo 18 de decembro.

8. XXXII Festa do Tenis

Foi suspendida por recomendacións sanitarias

9. Informes do Presidente

a). Nestas últimas reunións de Comisión Interterritorial e Xunta Directiva da RFET está a lles facer entender que é moi importante para as competicións e xogadores que se poida volver dobrar partidos nas distintas competicións organizadas, é unha cuestión de tempo e diñeiro, xa que lles pon o exemplo de Galicia e o caro que sae viaxar dunha provincia a outra.

b). A RFET está tamén coa idea de subvencionar as primeiras licenzas descontando importe na homologación. Como a FGT xa está a levar a cabo esta línea de actuación non supoñerá cambios nos nosos prezos de licenzas.

c). Tamén está case pechada a decisión sobre a demanda que leva facendo varios anos na RFET en relación ás diferenzas nas cotas que deben pagar os clubs.

d). A data para a próxima Asemblea da FGT é o 18/12/2022.

E non habendo mais temas que tratar, dáse por pechada a sesión telemática desta reunión sendo as 20:00 horas, levántandose a presente acta que asino como secretario da Federación Galega de Tenis co Vº Bº do presidente, D. José Mosquera Casero.



José Mosquera Casero
Presidente FGT

Ignacio López López
Secretario reunión